

PROGRAMACIÓN ESA – ÁMBITO SOCIAL

MÓDULO IV

CURSO 2024-2025

FRANCISCO JAVIER POCH GUTIÉRREZ

ÍNDICE

PÁX

1. Introducción e contextualización.	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	4
3. Obxectivos.	6
3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO IV	8
4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.	8
5. Temporalización.	14
6. Criterios de avaliación e cualificación.	15
7. Procedementos de avaliación.	16
8. Instrumentos de avaliación.	17
9. Tratamento do fomento da lectura.	17
10. Tratamento do fomento das TIC.	18

11. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.	18
11.1. CONTIDOS ESIXÍBLES	
11.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	
11.3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN	
12. Metodoloxía didáctica	20
13. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	21
14. Programación de temas transversais	22
15. Medidas de atención á diversidade	23
16. Actividades complementarias e extraescolares	23

1.Introdución e contextualización.

O ensino do ámbito de sociedade na ESA a distancia pretender formar ao alumnado na comprensión e valoración dos aspectos xeográficos e sociais que se producen na sociedade do presente e do pasado, creando unha actitude crítica ante os problemas e desigualdades do mundo actual.

O ensino a distancia ten as súas peculiaridades dentro do conxunto das ensinanzas regradas. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.

O proceso de aprendizaxe debe contribuír a formar ao alumnado para que, con liberdade e espírito crítico, saiba actuar na sociedade en que vive. Con todo, ao ser un ensino de adultos, moitos dos valores xa están formados, aínda que sexa preciso traballalos e reforzalos.

Os contidos seleccionados recollen aspectos xeográficos e históricos e teñen por obxectivo fundamental acadar as competencias básicas no eido das Ciencias Sociais, ademais de proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para que aprenda a ser máis respectuoso co medio natural e máis solidario coa sociedade en que vive.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A orde de 20 de marzo de 2018 DOG 12 de abril), pola que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)

4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencia Social e Cívica (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2.1. Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e - en menor medida- da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

2.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números cardinais, ordinais e romanos; das operacións matemáticas,...

2.3 Competencia dixital (CD). Con esta competencia o alumnado é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico) informacións na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntamentos, referencias a páxinas web, ...

2.4 Aprender a aprender (CAA). O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumnado ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos propostos, ...

2.5 Competencias sociais e cívicas (CSC). Esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e prácticas democráticas, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia.

2.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvólvese no alumnado partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atinxe á súa responsabilidade, á creatividade e á autocrítica.

Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver de avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e **responsabilidade crítica**.

2.7 Conciencia e expresións culturais (CCEC). Esta competencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

3. Obxectivos

O ensino do Ámbito Social na ESA ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

1. **Promover** un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.
2. **Comprender** que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e conservación.
3. **Aplicar** os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.

4. **Identificar** e **valorar** a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.
5. **Valorar** a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.
6. **Identificar** as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.
7. **Identificar** e **analizar** as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.
8. **Resolver** problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.
9. **Obter** e **relacionar** información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.
10. **Recoñecer** as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO IV

A liña de desenvolvemento, neste módulo IV, debe estar relacionada tanto cá Historia como ca iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Polo que respecta a Historia, o seu coñecemento lévanos a descubrir a nosa historia máis recente, e apreciar así as grandes diferenzas con respecto ao mundo dos nosos antepasados. A través do seu legado imos a coñecer a Historia máis cercana a nós e coñecer os grandes cambios habidos na mesma en tan pouco espazo, tanto a nivel económico como social, económico e sobre todo tecnolóxico.

A evolución da sociedade vai parella aos cambios económicos que se suceden e que van a desembocar na actual “**globalización**”

Os ámbitos espaciais están centrados en Europa, Península Ibérica, Galicia , e de maneira máis xeral no resto do mundo.

A través do ensino-aprendizaxe dos conceptos e procedementos deste módulo chégase á comprensión e ao coñecemento das características históricas da etapa máis recente do período da **Historia Contemporánea**. Este feito permítenos ampliar os coñecementos de sucesos históricos acaecidos nese período da Historia.

En canto aos coñecementos da Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, o seu estudo permítenos adquirir e/ou ampliar coñecementos sobre os itinerarios a seguir, unha vez rematados os estudos básicos, sobre o mundo empresarial e laboral.

4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. A Historia					
<ul style="list-style-type: none"> • e • g • h • i 	B1.1 A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1 Analizar as relacións entre o bloque de USA e a URSS para comprender o concepto da “Guerra Fría”.	B1.1.1 Interpreta a evolución dos EEUU e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenza a distinta evolución de EE UU e a URSS durante a guerra fría 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CCL
			B1.1.2 Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.	<ul style="list-style-type: none"> • Busca información sobre os conflitos durante a guerra fría 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • g • h • i 	B1.2 O proceso de descolonización.	B1.2 Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B1.2.1 Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica a importancia da descolonización 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL
			B1.2.2 Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.	<ul style="list-style-type: none"> • Compara a descolonización da India e a África subsahariana 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
	B1.3 A evolución das grandes potencias: URSS e EEUU: sociedade, política, economía e cultura.	B1.3 Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	B1.3.1 Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.	Relaciona a organización política e económica de finais do XX	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
			B1.3.2 Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información.	<ul style="list-style-type: none"> • Expón os enfoques dun feito histórico 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
			B1.3.3 Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeneran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as consecuencias que ocasionan as decisións políticas e económicas 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • c • d • g • h • i • n 	B1.4 A ditadura de Franco e a transición política de España cara a democracia	B1.4.1 Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.	B1.4.1 Coñece o proceso que conduxo da Guerra Civil a Ditadura.	<ul style="list-style-type: none"> • Cita as causas da Guerra Civil 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CCL
		B1.4.2 Coñecer os principios feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	B1.4.2 Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe a ditadura franquista 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
			B1.4.3 Enxucía as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.	<ul style="list-style-type: none"> • Expón as consecuencias da ditadura 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
			B1.4.4 Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.	<ul style="list-style-type: none"> • Situa nun eixe cronolóxico os acontecementos máis destacados da ditadura. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL
			B1.4.5 Valora os acertos do proceso de democratización en España.	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a democracia em España 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
			B1.4.6 Analiza feitos e acontecementos conflitivos na España democrática.	<ul style="list-style-type: none"> • Cita algún conflito na España democrática 	

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • e • g • h • i 	B1.5 O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5 Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5.1 Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a favor e en contra.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as relacións globalizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CD • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g • h • j 	B1.6 Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo	B1.6 Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B1.6.1 Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza os nacionalismos europeos 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
			B1.6.2 Comprende os pros e contras do estado de benestar.	<ul style="list-style-type: none"> • Cita factores favorables e desfavorables do estado do benestar 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • i • j 	B1.7 O derrubamento dos rexímenes soviéticos e as súas consecuencias.	B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros rexímenes socialistas.	B1.7.2 Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza a desintegración da URSS 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CCL
	B1.8 A constitución da Unión Europea.	B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea.	B1.8.1 Comprende as causas da constitución da Unión Europea.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende a aparición da actual U E 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL
			B1.8.2 Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza a situación actual da UE 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CCL
Bloque 2. Iniciación á actividade emprendedora e empresarial					
<ul style="list-style-type: none"> • a • f • i • p 	B2.1 Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B2.2 Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira	B2.1 Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B2.1.1 Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	Describe a iniciativa emprendedora nas persoas	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CAA

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	profesional.		B2.1.2 Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional da súa contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	Busca información relacionada co traballo a través da informática.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • a • e • f • i • p 	B2.3 Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B2.2 Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	B2.2.1 Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	Deseña un proxecto para o autoemprego	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
			B2.2.2 Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.	Desenvolve habilidades sociais e valores democráticos nun proxecto	
			B2.2.3 Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuir á cohesión social.	Expón as razóns para contribuir á cohesión social	
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • i • p 	B2.4 Dereito do traballo. B2.5 Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B2.6 Contrato de traballo e negociación colectiva. B2.7 Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B2.8 Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. B2.9 Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na	B2.3 Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	B2.3.1 Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	Cita algunhas das normas en relación co funcionamento do traballo	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE
			B2.3.2 Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue os dereitos e as obrigas derivadas das relacións laborais 	

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	empresa.		<p>B2.3.3 Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as bases da Seguridade Social 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSIEE
			<p>B2.3.4 Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expón as situacións de risco laboral máis habituais así como os métodos de prevención dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CAA • CMCCT

5. Temporalización

MÓDULO II

Como a ESA é cuatrimestral e está distribuído en dúas avaliacións, a distribución é a seguinte:

Módulo IV	
1ª AVALIACIÓN	<p>UNIDADE 13: A Guerra Fría e o proceso de descolonización. Evolución das grandes potencias. A Ditadura de Franco e a Transición.</p> <ul style="list-style-type: none">1.A Guerra Fría e o proceso de descolonización<ul style="list-style-type: none">O proceso de descolonización - Concepto e causas da Guerra Fría2.A evolución das grandes potencias<ul style="list-style-type: none">A evolución da democracia americana3.A Ditadura de Franco<ul style="list-style-type: none">O réxime político. Trazos máis característicos do réxime - España durante o franquismo - As relacións internacionais - Evolución económica e social - A oposición política e sindical4.A Transición política de España cara á democracia5.Glosario <p>UNIDADE 14: O mundo actual. A globalización. A Unión Europea.</p> <ul style="list-style-type: none">1.A globalización. Cambios económicos e sociais no século XXI.<ul style="list-style-type: none">A economía mundial: a globalización2.A constitución da Unión Europea<ul style="list-style-type: none">Antecedentes do proxecto: anos 40 e 50 - Desenvolvemento da Unión Europea (desde 1960 ata o século XXI) - Crise política e económica da Unión Europea (desde o século XXI) - As institucións da Unión Europea3.A arte<ul style="list-style-type: none">A arte nos séculos XX e XXI4.Glosario

2ª AVALIACIÓN	<p>UNIDADE 15: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.</p> <p>1.O espírito emprendedor. Autonomía e autocoñecemento - A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade</p> <p>2.Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.</p> <p>3.Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Itinerario formativo - Ciclos formativos - Carreiras profesionais - A procura de emprego - O autoemprego - A toma de decisións sobre o itinerario persoal</p> <p>4. Glosario</p> <p>UNIDADE 16: Mercado de traballo. Relación laboral. Dereitos e deberes.</p> <p>1.Dereito do traballo.</p> <p>2.O mercado do traballo. Funcionamento O traballo - O salario - O contrato de traballo - Suspensión do contrato de traballo - Negociación colectiva - Os conflitos de intereses</p> <p>3.O desemprego</p> <p>4.A Seguridade Social</p> <p>5.Protección do traballador e beneficios sociais Protección do traballador - Beneficios sociais –</p> <p>6.Riscos laborais. Normas, Planificación da protección na empresa. Riscos laborais - Prevención de riscos laborais - Planificación da protección na empresa</p> <p>7.Glosario</p>
----------------------	--

6. Criterios de avaliación e cualificación

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. EXAMES: Abertos ou de redacción Pechados	1	100,00%

Ao longo do curso realizaranse dúas probas (exames), fixadas a tal fin pola xefatura de estudos, que constituirán o 100% da nota final da alumna/o.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, as alumnas/os terán a oportunidade de examinarse de toda a materia na segunda avaliación ou final. A cualificación final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre, sempre que a nota da 1ª avaliación sexa 4 ou superior a 4. No seu defecto a cualificación corresponderá á nota obtida no exame final. Para aprobar nas

convocatorias ordinaria ou extraordinaria a media debe ser 5 ou superior.

7. Procedementos de avaliación

Ao ser un ensino a distancia, boa parte do seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe recaerá na perseverancia do propio alumnado. É moi importante que o alumnado estea en contacto có profesor nas horas de Titoría Multimedia ou que, cando menos, acceda dunha forma periódica á Aula Virtual para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando. O profesor axudará e guiará en todo momento este proceso, estando presente de xeito continuo a través da aula virtual, respondendo ós requirimentos académicos que se lle fagan a través dos diferentes procedementos de comunicación, e anticipando e publicando as características das probas que se desenvolvan.

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, o profesor indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como o ensino é a distancia, o alumnado poderá distribuír os contidos segundo quixer, mais a tarefa do profesor será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente os contidos e actividades ao longo do curso. Cada quincena o profesor achegará ao alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema que están a tratar.
- Ao final de cada cuatrimestre, e na avaliación parcial, o/a profesor desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.
- Ao longo de cada cuatrimestre, o/a profesor corraxirá os exercicios voluntarios achegados polo alumnado e remitiralle a través da aula virtual os resultados.

8. Instrumentos de avaliación

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Estas cuestións poderán combinar exercicios de resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... As devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire, mais a nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de **5 sobre 10** para poder superar a avaliación.

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor contará o resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberá desenvolver ao longo do módulo, un por cada cuatrimestre.

9. Tratamento do fomento da lectura

A singularidade da educación a distancia, có seguimento da materia a través da aula virtual, traballando en grande parte os materiais colgados nela, fan que a lectura sexa básica para unha boa consecución das competencias básicas. A transmisión oral, profesor/a-alumna/o, alumna/o-profesor/a, sempre presente e accesible, está vinculada fundamentalmente ás sesións de Titoría. Deste xeito, a lectura é básica, xa que o achegamento á materia faise lendo os materiais colgados na web.

Para todos os temas tratados ao longo do módulo, e posible que se lle achegue ao alumnado lecturas complementarias que o axuden a afondar nos obxectivos e competencias básicas e, se é posible, incentivarase o seu uso a través de traballos complementarios...

10. Tratamento do fomento das TIC

No sistema de ensino da ESA a distancia, o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Aproveitando a grande base que supón a aula virtual coa que conta o centro traballarase para:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...).
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.

Por outra banda, nas titorías presenciais insistiremos en:

- Utilizar programas de presentacións informáticas (tipo PowerPoint), na busca de estimular unha explicación clara e concisa da materia, axudando a desenvolver a capacidade de síntese de todo o alumnado.
- Utilizar a pantalla virtual existente no centro.

11. Plans de traballo para a superación de materias pendentes

11.1. CONTIDOS ESIXÍBLES

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo

do Ámbito Social da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova posibilidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixibles para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de mínimos esixibles para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixibles veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludíbeis para unha comprensión elemental das unidades tratadas en cada módulo e que lle van permitir o logro das competencias básicas.

11.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

No ensino a distancia é fundamental a constancia da/o alumna/o, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que, ante as primeiras dificultades, haxa un bo número de matriculados que abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o/a profesor/a exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que as/os estudantes que non desen superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o/a profesor/a deseñará, se se da o caso, un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo servir de guía ao alumnado.

As actividades (se é posible colgalas) consistirán:

1. Exercicios para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

11. 3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben recuperar, o/a profesor/a contará:

1. A avaliación extraordinaria do módulo.
2. En caso de subir o/a profesor/a exercicios: a realización das actividades voluntarias.
3. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

12. Metodoloxía didáctica

O ensino a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.
2. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.
3. O foro como estratexia avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo e durante e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán

moderados polo profesor/a que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos/as estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

13. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto

Usaremos as Unidades Didácticas editadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESA.

Ademais, na medida do posible, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, coma gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de tempo breve, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel do/a profesor/a será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na

busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

14. Programación de temas transversais

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes:

Educación moral e cívica

Educación para a paz

Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos

Educación ambiental

Educación para a saúde e educación sexual

Educación viaria

Educación para o consumo

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito incidirase especialmente:

- Módulo II: a igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz , a interculturalidade, etc.

Valoraranse as actitudes que se desprenden do desenvolvemento de actividades voluntarias relacionadas con estes aspectos e pautas de comportamento (a través da aula virtual).

15. Medidas de atención á diversidade

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuatrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación , que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todas/os alumnas/os poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

16. Actividades complementarias e extraescolares

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

Porén, intentaremos movernos de xeito virtual por espazos diversos e percorrерemos do mesmo xeito lugares, exposicións, edificios

e obras de todo tipo que concorran nos diversos obxectos de estudo que imos a coñecer.

Santiago de Compostela, setembro de 2024

Fdo: Francisco Javier Poch Gutiérrez